

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 27 DE XANEIRO DO 2014.

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DATA: 27 de xaneiro do 2014.

HORA DE COMEZO: 19:10 h.

HORA DE REMATE: 19:55 h.

ASISTENTES:

D. Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto, D^a M^a Lucía Fede Fernández, baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA EN DATA 20 DE XANEIRO DO 2014.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada en data 20 de xaneiro do 2014.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 23 DE XANEIRO DO 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto

de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.I. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e

estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

MAIORES

EXPEDIENTE Nº 21.133.- LICENZA MUNICIPAL Nº 22.290.- A CENTRAL DE MACEIRIÑOS S.L., con enderezo en Rúa aísala de Man6 2o esq. - Lugo, modifícaselle a referida licenza no sentido en que tamen se autoiriza a construción de unha piscina de 21,00 m2. e ampliación de un semisoto ata os 103, 00 m2,_.kde conformidade co proxecto o 8 de maio de 2.012 e condicións impostas pola Deputación Provincial segundo escrito de data 27 de marzo de 2.013 que autoriza a construción da piscina a 7,00 metros dente a arista exterior da explanación a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

EXPEDIENTE Nº 21.551.-LICENZA MUNICIPAL Nº 20.925.- A Alca2004 S.L., con enderezo en Camiño do Lago 10 - Beade - Vigo, modifícaselle a referida licenza no sentido en que a vivenda sita na parcela 6, de acordo co proxecto reformado visado o 4 de abril de 2.012 queda coas seguintes superficies construídas: 112,60 m2 de soto, 93,29 de planta baixa e 64,01 m2 de primeiro andar. Igualmente a Xunta de Goberno Local acorda quedar enterada do cambio de titularidade da referida licenza no que respecta a parcela 6 que figuraba a rióme de Peymourou S.L. e a partir desta data pasa a Alca2004 S.L.

EXPEDIENTE Nº 24.7 91.- A David Lemos Santomé. Con enderezo en Trav. Da Presa 38, 36216 - Vigo, para en Pintens - Hio, en solo non urbanizable de protección de costas mariñas, regulado pola ordenanza 14, reformar o semisoto da edificación existente en 106,34 m2, de conformidade co proxecto visado o 26 de outubro de 2.011, autorización da Conxellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de data 10 de maio de 2.013 e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 27 de decembro de 2.013.

EXPEDIENTE Nº 24.883.- A Juan Carlos Vaqueiro Dobarro, con enderezo en As Barreiras 1 A -- Limens - Hio, para no referido lugar, construír un semisoto de 81,50 m2,

de conformidade co proxecto de decembro de 2.013, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

2.A.2) DENEGACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.868.- O tramitado a instancia de Oscar Manuel Fernandez Perez, con enderezo en Ignacio Grobas 6 P 2- 3o G - 36205 - Vigo, para pintado, soleira de formigón e colocación de rde sobre cerco existente, foi denegado por non axustarse as determinacións urbanísticas establecidas ó respecto ñas Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas, ordenanza de aplicación: SNU-EN.

EXPEDIENTE Nº 21.107.- O tramitado a instancia de IMAXE URBA CANGAS S. L., con enderezo en Ferrol 7 entrechan b - Cangas, solicitando prorroga da licenza de obras nº 20.772, denegaselle por solicitarse fora do prazo que establece o art. 197.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza.

EXPEDIENTE Nº 21.599.- O tramitado a instancia de IMAXE URBA CANGAS S. L., con enderezo en Ferrol 7 entrechan b - Cangas, solicitando prorroga da licenza de obras nº 21.272, denegaselle por solicitarse fora do prazo que establece o art. 197.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza.

2.A.3) LICENZAS MUNICIPAIS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 17.395.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR JOSE ANGEL SANTOME MOREIRA.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 27 de novembro de 2.013, acordou:

a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a José Angel Santomé Moreira, con enderezo en Camiño da Area 17 - Cimadevila - Darbo, para vivenda, sita no referido lugar, construída o abeiro da licenza municipal Nº 17.526.

2.A.4) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE N2 24.445.- O tramitado a instancia de Manuel Lamarca Vázquez, con enderezo en Gran Via 144 - 1º A - Vigo, para reparación en Santa Marta - Darbo, acordase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, o transcurrir máis de tres meses dende o requerimento de presentación de documentación de data 27 de febreiro de 2013.

2.A.5) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE Nº 24.287.- A GAS GALICIA S.D.G. S.A. con enderezo en Trav. De- -Vigo 204 - Vigo, para en Santa Baia - Cangas executar unha canalización de 47,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se podrán realizar no periodo do verano, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servicios e infraestructuras afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posibel, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debendose emprazar ñas zonas destinadas a veirarruas.

Debe presentar un aval por importe de 3.170, 66 euros para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calqueira outra actuación que resulte necesaria, sen que elo supoña dereito a ningún tipo de indenización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou máis de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advirtéselle da obrigabilidade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galiza e 43.1 da Lei 8/2012, de Vienda de Galiza, da existencia ós propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 24.694.- A UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A., con enderezo en Trav. De Vigo 104 - Vigo, para en Rúa Estrela 9 - Cangas, executar 32,00 metros de canalización de rede de baixa tensión, e 175,00 metros de cableado pqr canalización existente, de conformidade co proxecto SGD 248312100088, de 2 de xullo de 2.013 e coas seguintes condicións:

Debe axustarse as condicións impostas pola Deputación Provincial en escrito de 4 de decembro de 2.013. Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servicios e infraestructuras afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posibel, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debendose emprazar ñas zonas destinadas a veirarruas.

Debe presentar un aval por importe de 1.200, 00 euros para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Unión Fenosa Distribución o traslado, adaptación, reposición ou calqueira outra actuación que resulte necesaria, sen que elo supoña dereito a ningún tipo de indenización.

Debrerá axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederáse por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.889.- A José A. Santomé Moreira, con enderezo en Camiño da Area 17 - Cimadevila - Darbo, para no referido lugar, construír unha piscina de 78,39 m², de conformidade co proxecto de 22 de decembro de 2.013.

2.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

EXPEDIENTE Nº 1.703.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR MARIA IRENE IGLESIAS FERVENZA.

A Xunta de Goberno Local acordou quedar enterada do cambio de titularidade e licenza de apertura de establecemento sito en Félix Ozamiz 4 - baixo - Cangas, adicado a axencia inmobiliaria, que ata a data rexentaba ACTIVOS INMOBILIARIOS DO MORRAZO, e que a partir desta data pasa a María Irene Iglesias Fervenza, con enderezo en Carballadasna, núm. 12-Abelendo-Moaña, e que se dedicará a axencia de seguros.

EXPEDIENTE Nº 1.707.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR MARTIN PIÑEIRO NERGA.

A Xunta de Goberno Local acordou quedar enterada do cambio de titularidade e licenza de apertura de establecemento sito en Gondomar 11 - baixo - Cangas, adicado a cafe bar de categoría especial, que ata a data rexentaba Ana Isabel Vidal Calvar, e que a partir desta data pasa a Martin Piñeiro Nerga, con enderezo en Avda. De Vigo 95 baixo dereita - Cangas.

SANIDADE,SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

3º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE XANTAR NA CASA.

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, de data 23.1.14, relativa as altas e baixas do Servizo Municipal de Xantar na Casa, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En relación ao Servizo Municipal de Xantar na Casa, e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

** Alta de R. Cabana Vila, con expediente: 36008/01/001239."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

4º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS DE EMERXENCIA SOCIAL.

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, de data 23.1.14, relativa a concesión de axuda económica de emerxencia social, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de CENTO VINTE E SETE EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (127,43 €) a don M. Gil Santos."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

5º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/ RENOVACIÓNS E TRANSMISIÓNS DE AUTORIZACIÓNS DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE.

5.A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á SOLICITUDE DE TRANSMISIÓN DE LICENZA MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE FORMULADA POR SAMUEL JIMÉNEZ GIMÉNEZ

_____Examinada a proposta de data 23.1.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de transmisión de licenza municipal de venda ambulante formulada por Samuel Jiménez Giménez, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á SOLICITUDE DE TRANSMISIÓN DE LICENZA MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE FORMULADA POR SAMUEL JIMÉNEZ GIMÉNEZ (V-13/017)

ANTECEDENTES:

I.- Por escrito de rexistro de entrada nº 6647 do 31/05/2013, Samuel Jiménez Giménez, solicitou o cambio de titularidade da licenza de venda ambulante da que é titular a favor de Dolores Giménez Jiménez, que di ser familiar directo seu.

II.- O 8/11/2013 o interesado foi notificado da resolución de data 16/10/2013, pola que se lle requiría co fin de que no prazo de dez días presentase a documentación que servise para subsanar as deficiencias que se lle indicaban na citada resolución, advertíndolle de que de non facelo así teríasele por desistido do seu pedimento, previa resolución que debería ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992.

III.- Transcorrido o prazo outorgado non consta a presentación polo interesado dos documentos requiridos para a corrección dos defectos da súa solicitude inicial.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

Non constando a presentación da documentación requirida por resolución de 16/10/2013, no prazo outorgado e tal e como se advertía nesta procede adoptar o presente acordo polo que se ten por desistido do seu pedimento ao interesado nos termos do artigo 71 e 42 da Lei 30/1992.

En vista do anteriormente exposto propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar desistido a Samuel Jiménez Giménez, do seu pedimento de transmisión do posto de venda ambulante do que era titular no mercado ambulante de Cangas, con rexistro de entrada 6.647, do 31/05/2013, polos motivos expostos.

SEGUNDO.- Déase traslado da presente resolución a Samuel Jiménez Giménez, con enderezo a efectos de notificacións en R. Videira nº 33-PBJ. Dr. Tui, xunto cos recursos procedentes."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de transmisión de licenza municipal de venda ambulante formulada por Samuel Jiménez Giménez.

5.B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE

Dase conta da proposta de data 23.1.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a prórroga para o ano 2014 das licenzas municipais de venda ambulante, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas aplicable ás renovacións de 2014 (BOP da Provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) prevé, no seu artigo 16 que as autorizacións terán unha vixencia de un ano natural, prorrogable de forma expresa por períodos de igual duración. O prazo para a presentación da documentación correspondente para a renovación irá desde o 1 de decembro ata o 30 de decembro de cada ano.

II.- Por parte do concello con motivo da apertura do período de renovación cara a 2014 os titulares de licenzas foron requiridos co fin de que, de ser do seu interese, no prazo indicado presentasen a solicitude de renovación para o ano 2014, con expresa advertencia de que de non presentar esta solicitude de renovación no prazo indicado, entenderíase que renunciaban voluntariamente a renovación da autorización e polo tanto deberían deixar o posto libre por carecer de autorización para o exercicio da venda ambulante, sen prexuízo da liquidación das taxas polo período de ocupación efectiva do posto e da aplicación do réxime sancionados.

III.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15 do regulamento vixente.

Vistas as solicitudes de renovación de licenzas de venda ambulante para o ano 2014 presentadas polos interesados dentro do prazo outorgado, e comprobada a documentación que achega a estas procede, sen prexuízo do resultado da tramitación sucesiva daquelas solicitudes pendentes de subsanación, propoño á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Estimar a solicitude de renovación de licenza municipal de venda ambulante para o ano natural 2014, ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08/04/2013) por cumprir cos requisitos esixidos para a renovación a:

Ref:

- 1 -María Sumaya Khala Gil*
- 3 -Enrique Duval Salazar*
- 6 -María José Carlín Loureiro*
- 7 -María Aurora Franco Blanco*
- 9 -María del Carmen Pérez Pazó*
- 10 -Francisco Luis Pousada Pastoriza*
- 12 -Daniel Torres Cardoso*

13 -*María Lourdes Gutierrez García*
14 -*Pascual Jiménez Pérez*
15 -*Floreano Seoane Pateiro*
16 -*Francisco Javier González Alvarez*
17 -*José Luis Jiménez Escudero*
18 -*Carlos Ferro Trasande*
19 -*José Manuel Dopazo Graña*
20 -*José Antonio Barreiro Lorenzo*
22 -*Julio Jiménez Borja*
23 -*Elena Rodríguez González*
24 -*Inés Pastoriza Carballo*
26 -*Francisco Núñez Guzmán*
28 -*Mimos C.B.*
29 -*Lourdes García Loureiro*
30 -*María del Carmen Barbeito Gómez*
31 -*Olga Cid Campos*
35 -*Javier Duval Gómez*

37 -*María del Pilar Duran Miranda*
39 -*María Yolanda Nores López*
40 -*María Elisa Giráldez Peña*
42 -*María Fabiola Vasquez Maldonado*
43 -*Manuela Pereira González*
45 -*Ramón Jiménez Salazar*
49 -*Carmen Cores Peiteado*
50 -*Purificación Jiménez Salazar*
51 -*José Angel Jiménez Borja*
54 -*Ana Tojo García*
55 -*Jesús Francisco Romero Alvite*
56 -*Manuela Acosta Floria*
57 -*Angela Salazar Jiménez*
60 -*José Santos Chapela*
61 -*Samuel Jiménez Borja*
62 -*Panadería Confitería Laura, S.L.*
63 -*Past River, S.L.*
64 -*Milagros Cortés González*
65 -*Copisteria Foto Núñez, S.L.*
66 -*María Da Silva Miranda*
71 -*Antonio Pérez Abreu*
72 -*Carmen Ramos Vázquez*
73 -*María Concepción Jiménez Jiménez*
75 -*Olga Escaneo González*
78 -*Fátimajaadi Bouasria*
80 -*Arlindo Manuel Pereira Mendes*
85 -*Telmo Vilanova Gómez*
86 -*Marcelo Dovai Lins*
87 -*Ndaye Astou Diop*

- 88 -Pilar González Costa
- 89 -María Esther Camacho Gabarre
- 91 -Manuel Rivera Díaz
- 93 -María Carmen Vieitez Sotelo
- 94 -Moustapha Fall Ndiaye
- 98 -María Carmen Fernández Piedras
- 99 -Nicolás Ecuero Jiménez
- 101 -Patricia Torres Lagos
- 105 -Ana María Iglesias González
- 107 -Guillermo Iglesias Rodal
- 115 -María Carmen Iglesias Blanco
- 116 -Ramiro Torrón Ferreiro
- 117 -María Mercedes Mallo Lagoa
- 119 -José Antonio Pastoriza Rodríguez
- 120 -Celestino Campos Montero
- 123 -Dolores Gómez Silvet
- 125 -Javier Freire Pastoriza
- 127 -María Pilar Pórtela Suárez
- 129 -Eva Pereira Iglesias
- 130 -Gerardo Gómez Alvarez
- 131 -Luis Gómez Silvet
- 136 -Eugenio Lozano Borja
- 140 -Felipe Salazar Salazar
- 142 -Josefa Freire Martínez
- 148 -Plantas A Lagoa
- 155 -José Manuel Carballeda Neira
- 160 -Ana María Pazos Alonso
- 161 -Julio López Vives

Segundo.- Declarar revogada a licenza municipal de venda ambulante por non presentar a solicitude de renovación dentro do prazo outorgado a:

Ref:

- 32 -María Isabel Filgueiras Calviño
- 70 -Jesús Miguel Elices
- 90 -Hermelinda Camiña Otero
- 100 -Amalia Gómez González
- 153 -Samuel Jiménez Giménez
- 156 -Purificación González Fernández
- 162 -Manuel García Maneiro
- 166 -María Soraya León Escudero

Terceiro.- Advertir aos titulares de licenzas revogadas que, á vista do presente acordo deberán absterse de continuar a colocar o posto no mercado, por carecer de autorización, resultando de aplicación o réxime sancionador e as medidas previstas para tal efecto na normativa, todo iso sen prexuízo de que estean obrigados a

satisfacer as taxas municipais e calquera outra obriga derivadas da ocupación efectiva do posto.

Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a prórroga para o ano 2014 das licenzas municipais de venda ambulante.

5.C) PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A PRÓRROGA PARA OS ANOS 2013 E 2014 CON SIMULTÁNEA TRANSMISIÓN DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE AO REMATE DO PERÍODO EXTRAORDINARIO DE RENOVACIÓN.

Dase conta da proposta de data 22.1.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a prórroga para os anos 2013 e 2014, con simultánea transmisión das licenzas municipais de venda ambulante ao remate do período extraordinario de renovación, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A PRÓRROGA PARA OS ANOS 2013 E 2014 CON SIMULTÁNEA TRANSMISIÓN DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE AO REMATE DO PERÍODO EXTRAORDINARIO DE RENOVACIÓN.

I.- Vistas as solicitudes de renovación das autorizacións para a venda ambulante para o ano 2013 presentadas no prazo outorgado para tal efecto (tomando en consideración o prazo extraordinario outorgado por acordo de Xunta de Goberno Local de data 11/11/2013) formuladas polos seus titulares con simultánea transmisión e a solicitude de renovación desta para o presente ano 2014.

II.- Visto que o regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas aplicable as renovacións de 2013 (B.O.P da provincia de Pontevedra nº 205 do 25 de outubro de 2011) no seu capítulo IV, prevé que as autorizacións se outorgan por períodos anuais, sendo obxecto de renovación, previa solicitude do/a interesado/a, por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo concello.

Así como, o disposto no artigo 16.1 do Regulamento actualmente vixente aprobado o 22/02/2013 (B.O.P. de Pontevedra nº 67 de 08/04/2013) respecto da renovación para o ano 2014.

III.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 18.2 do regulamento, que dispón que se concederán 'previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos'.

IV.- Comprobada a documentación presentada polos/as interesados/as para a renovación de licenzas, efectuadas as subsanacións requiridas e satisfeitas as taxas por transmisión establecidas procede adoptar o presente acordo polo que se autorizan as transmisións e se outorgan simultaneamente as renovacións para o ano 2013 e 2014 das licenzas municipais de venda ambulante das que son titulares as persoas que a continuación se identifican.

Á vista do anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar as transmisións das licenzas municipais de venda ambulante dos postos que de seguido se relacionan, a favor das persoas que se designan:

TRANSMITENTE	ADQUIRENTE	Nº POSTO
---------------------	-------------------	-----------------

<i>Alfonso Giménez Cerreduela</i>	<i>Jacob Giménez Jiménez</i>	<i>55</i>
<i>Luis Antonio Cortés Ventos</i>	<i>Gerardo Giménez Gómez</i>	<i>100</i>
<i>Rosa Mercedes Parada Alonso</i>	<i>Rodríguez Parada Michael Aron</i>	<i>135</i>

Segundo.- Outorgar as renovacións das licenzas municipais de venda ambulante antes mencionadas para os anos 2013 e 2014 simultaneamente.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a prórroga para os anos 2013 e 2014, con simultánea transmisión das licenzas municipais de venda ambulante ao remate do período extraordinario de renovación.

CONTRATACIÓN

6º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A LICITACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DA CONCESIÓN DEMANIAL DE USO PRIVATIVO DE 7 POSTOS VACANTES NO MERCADO DE ABASTOS MUNICIPAL.

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 24.1.14, relativa á aprobación do expediente para a licitación, mediante procedemento aberto, da concesión demanial de uso privativo de 7 postos vacantes no mercado de abastos municipal, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A LICITACIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL DE USO PRIVATIVO DE 7 POSTOS VACANTES NO MERCADO DE ABASTOS MUNICIPAL

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 16.12.2013, polo que se inicia expediente administrativo para a licitación, en réxime de concorrencia, da concesión demanial de uso privativo de varios postos vacantes no mercado de abastos municipal: catro postos de peixaría e tres postos de carnicería.

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán esta licitación, e que por Secretaría e Intervención se emitiron os oportunos informes.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente administrativo para a licitación, en réxime de concorrencia, da concesión demanial de uso privativo de varios postos vacantes no mercado de abastos municipal: catro postos de peixaría e tres postos de carnicería, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas anexos a este acordo.

Segundo.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante procedemento aberto, debendo publicar no Boletín Oficial da Provincia e no perfil do contratante, o anuncio de licitación para que no prazo de 15 días hábiles poidan presentar as ofertas que estimen pertinentes.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, relativa á aprobación do expediente para a licitación, mediante procedemento aberto, da concesión demanial de uso privativo de 7 postos vacantes no mercado de abastos municipal.

7º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDUREMTO ABERTO, DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF).

Examinada a proposta da Alcaldía relativa á aprobación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto, do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 16.12.2013, polo que se inicia expediente administrativo para a contratación do servizo de axuda no fogar.

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán esta licitación, e que por Secretaría e Intervención se emitiron os oportunos informes.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de axuda no fogar (SAF), mediante procedemento aberto e varios criterios de adxudicación, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas anexos a este acordo.

Segundo.- Autorizar, polo importe de DOUSCENTOS SETENTA E CINCO MIL OITOCENTOS OITENTA E CATRO CON CINCUENTA E NOVE (275.884,59 €), o gasto que para este concello representa esta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 233-277.99 do vixente orzamento municipal aprobado para o exercicio 2014.

Terceiro.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante procedemento aberto, debendo publicar no Boletín Oficial da Provincia e no perfil do contratante o anuncio de licitación para que no prazo de 15 días naturais poidan presentar as ofertas que estimen pertinentes.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención."

A N E X O:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, relativa á aprobación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de axuda no fogar (SAF).

8º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF).

Vista a proposta da Alcaldía relativa á prórroga do contrato de Servizo de Axuda no Fogar (SAF), que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á PRÓRROGA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Visto o estado do expediente de contratación iniciado para a adxudicación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión celebrada o día 16.12.2013.

Visto que o contrato asinado coa empresa 'A Carón Sociedade Cooperativa Galega', para a prestación do Servizo Público de Axuda no Fogar (SAF), remata o vindeiro 31.01.2014.

Tendo en conta a obriga do Concello de Cangas de seguir prestando aos usuarios dito servizo público.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte, ACORDO:

Primeiro.- Prorrogar o actual contrato de prestación do servizo público de Axuda no Fogar ata que se produza unha nova adxudicación.

Segundo.- Notificar este acordo á empresa 'A Carón Sociedade Cooperativa Galega', actual prestadora do servizo, indicando o carácter forzoso desta prórroga.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos de Intervención e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, relativa á prórroga do contrato de Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

9º.- RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/INICIO DE EXPEDIENTE PARA CORRECCIÓN DE DEFICIENCIAS NA EXECUCIÓN DA OBRA "REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL: ADECUACIÓN DO TERREO DE XOGO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS".

DECRETO DA ALCALDIA

Visto o expediente tramitado para a corrección de deficiencias na execución da obra "Reforma de campo de fútbol: adecuación del terreno de juego y mejora de las instalaciones" consistentes en non ter entregado no Concello a documentación necesaria para realizar a legalización da instalación eléctrica do campo de fútbol.

Visto que para a execución da antedita obra a empresa adxudicataria UTE ALONDRAS, formada polas mercantís Construcciones Paraxe S.L. e Antalsis S.L., constituíu garantía definitiva en forma de seguro de caución suscrito coa aseguradora Millennium Insurance Company LTD.

Visto o escrito de alegacións achegado pola aseguradora Millennium Insurance Company LTD, con rexistro no Concello de Cangas do día 17.12.2013 (entrada n.º 14455).

Visto que o artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público dispon que "o avalista ou asegurador será considerado parte interesada nos procedementos que afecten á garantía prestada nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro".

Por todo o exposto, de acordo coas facultades que me confire en materia de accións administrativas, xudiciais e defensa dos intereses do Concello, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVO:

Primeiro.- Estimar parcialmente as alegacións achegadas por MILLENIUM INSURANCE COMPANY, LTD e en consecuencia, sen entrar no fondo do asunto, considerar a esta aseguradora como parte interesada no procedemento de corrección de deficiencias na execución da obra "Reforma de campo de fútbol: adecuación del terreno de juego y mejora de las instalaciones".

Segundo.- Deixar sen efecto a Resolución desta Alcaldía de data 14.11.2013 pola que se require a MILLENIUM INSURANCE COMPANY LTD a incautación parcial, por importe de 2.420 €, da garantía definitiva prestada pola UTE ALONDRAS para a execución da obra "Reforma de campo de fútbol: adecuación del terreno de juego y mejora de las instalaciones".

Terceiro.- Retrotraer as actuacións ao inicio do expediente, debendo notificar a MILLENIUM INSURANCE COMPANY LTD a Resolución de data 23.09.2013 pola que se decreta o inicio do expediente para a corrección de deficiencias na execución da obra "Reforma de campo de fútbol: adecuación del terreno de juego y mejora de las instalaciones" consistentes en non ter entregado no Concello a documentación necesaria para realizar a legalización da instalación eléctrica do campo de fútbol, concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para que alegue ao que seu dereito conveña.

Cuarto.- Dar traslado deste Decreto ao departamento de Tesourería aos efectos de paralizar a incautación da garantía.

Quinto.- Dar traslado deste Decreto á Xunta de Goberno Local aos efectos da súa ratificación.

Cangas, 15 de xaneiro de 2014

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

10º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS.

Este punto foi retirado da orde do día.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

11º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

11.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
PROVILLA TABO, S.L. Granxa de Ximeu, nº 6- 36.949-Darbo CANGAS PONTEVEDRA	AVAL	765,09 €	EXPEDIENTE Nº 21.796
FRANCISCO POUSADA PIÑEIRO, S.L. Seixo, nº 4- 36.949-Darbo CANGAS PONTEVEDRA	AVAL	793,73 €	EXPEDIENTE Nº 21.886
MANUELA MARTÍNEZ IGLESIAS O Espírito Santo, nº 89- 36.947-Coiro CANGAS PONTEVEDRA	AVAL	5.024,97 €	EXPEDIENTE Nº 20.620

12º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda tomar coñecemento dos seguintes datos:

1.- X-13/01: Decreto nº 19/2014 recaído no procedemento ordinario 1076/2012 tramitado polo Xulgado do Social nº 4 de Vigo

- Recorrente: José Gastón Calvar Bermúdez

- Contido: dispón ter por desistido ao recorrente da súa demanda de cantidade fronte ao concello co arquivo das actuacións.

URXENCIAS:

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/IMPARTICIÓN DE UN CURSO DE MANIPULADOR DE ALIMENTOS NA CASA DE OFICIOS, DIRIXIDO A PERSOAS DESEMPREGADAS

Dase conta de proposta de data 22.1.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a impartición de un curso de manipulador/a de alimentos dirixido a persoas desempregadas, na Casa de Oficios, que é como segue:

"PROPOSTA DE IMPARTICIÓN DUN CURSO DE MANIPULADOR DE ALIMENTOS NA CASA DE OFICIOS, DIRIXIDO A PERSOAS DESEMPREGADAS.

Tendo a intención de desenvolver un curso de manipulador de alimentos na Casa de Oficios 'Lorenzo Corbacho', actividade que se dirixiría ás persoas en situación de desemprego e en particular a aquelas que teñan baixos recursos económicos, unha vez recibidos das empresas de Cangas que imparten este curso os seus respectivos presupostos (se acchegan), resulta que o máis baixo é o presentado pola empresa 'Centro de Estudos Forte' (centro homologado), que ascende a CENTO CINCUENTA (150,00 €), incluíndose neste importe os custos de profesorado e a expedición ao alumnado dos certificados oficiais requiridos pola Consellería de Sanidade. A inscrición e selección do alumnado, a organización xeral do curso e a súa impartición se realizarían na Casa de Oficios.

Neste sentido, tendo en conta que non existen subvencións para este tipo de cursos e á vista da demanda existente e da importancia que ten esta formación na procura de un posto de traballo por parte das persoas desempregadas, considerando que desde o concello non se poidan asumir con fondos propios os custos desta actividade:

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o pago dunha taxa de DEZ EUROS (10,00 €), por alumno/a pola totalidade do curso, incluíndose neste prezo a expedición dos respectivos certificados oficiais de manipulador/a de alimentos requiridos pola Consellería de Sanidade (mínimo 15 alumnos/as para poder impartir o curso, que cubriría os 150,00 € antes indicados). Con este prezo se reduce cando menos da metade o custo que soe ter este curso en entidades privadas.

SEGUNDO.- Que no caso de que se matriculen mais de 15 alumnos, ata un máximo de 25, o importe que exceda dos CENTO CINCUENTA EUROS (150,00 €), do recadado en

concepto de matrícula (máximo 100,00 € a maiores) se destine á compra de material didáctico para entregarlle ós participantes (en especial un manual de manipulador de alimentos, fotocopiado e encadernado con espiral, que lles sirva de referencia e de consulta unha vez rematado o curso).

TERCEIRO.- Que unha vez finalizado o curso, por parte da dirección da Casa de Oficios se presente no rexistro do concello a factura da empresa citada no encabezamento, polo importe total de CENTO CINCUENTA EUROS (150,00 €), no seu caso, se presente outra factura en concepto de material didáctico de acordo co indicado no punto anterior.

CUARTO.- Que se por causas debidamente xustificadas e motivadas se dera a circunstancia de que, unha vez pagada a taxa por parte de algún/s /algunha/s solicitante/s, finalmente non se puidese impartir o curso (por exemplo por non acadar o número mínimo de 15 alumnos/as), se proceda de oficio á devolución dos correspondentes importes ós seus respectivos interesados.

En todo caso, esta devolución da taxa non se faría efectiva en ningún caso con aqueles solicitantes que, unha vez matriculados, non asistan finalmente o curso ou non acaden o certificado por non seguir cun mínimo aproveitamento a formación impartida.

QUINTO.- Que o pagamento da mencionada taxa, o realicen os interesados directamente nas dependencias da Tesourería do concello, expedíndoselles no momento o correspondente documento xustificativo que deberán presentar na Casa de Oficios con carácter previo ó inicio do curso."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a impartición de un curso de manipulador/a de alimentos dirixido a persoas desempregadas, na Casa de Oficios.

B) INFORME DA INSPECCION DE TAXAS S/OCUPACIÓN VIA PÚBLICA CON TERRAZA NA AVDA. LUGO, Nº19 (CAFETERÍA CANGAS)

Visto o informe emitido en data 24.1.14 pola Inspección de Taxas Municipal, referente a ocupación de vía pública coa instalación de mesas e cadeiras na Avda. de Lugo, nº 19 (CAFETERÍA CANGAS), que di o seguinte:

"INFORME DA INSPECCIÓN

ASUNTO: OCUPACIÓN VIA PÚBLICA CON TERRAZA NA AVDA. LUGO, Nº19 (CAFETERÍA CANGAS)

Vistos os escritos con datas de rexistro de entrada de 7 e 8 de agosto de 2013, presentados por Montserrat García Barreiro, con NIF 53.110.701-K e con enderezo na Avda. Lugo, nº19-Cangas, nos que expón, entre outros, que a X.G.L. de data 17 de xuño de 2013 autoriza 24,00 m2. de instalación de terraza, cando, en realidade, son 2 mesas e solicita a rectificación dos metros da superficie de terraza.

Tendo en conta isto INFORMA que, despois de relizar a correspondente inspección:

** PROCEDE rectificar o acordo de data da X.G.L. de 17-6-2013 e os metros de terraza que son 12,00 m2."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente da Inspección de Taxas Municipal, referente a ocupación de vía pública coa instalación de mesas e cadeiras na Avda. de Lugo, nº 19 (CAFETERÍA CANGAS).

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente